

ENTREVISTA A XURXO VÁZQUEZ LÓPEZ

Xurxo, alumno do ciclo de madeira, ven de participar nun intercambio cun instituto de Suecia, dentro do programa Leonardo, que patrocina a Unión Europea co fin de fomentar prácticas laborais no estranxeiro.



Despois de darlle a benvida como corresponde, María e Rocío fixéronlle as seguintes preguntas:

- Pódesnos explicar que tipo de curso fuches facer a Suecia?

Fixen un intercambio cun instituto sueco onde hai un taller de carpintería no que traballaba e no que aprendín outras técnicas de traballo diferentes ás de aquí.

- Contaches con algunha axuda económica?

Si, tiven unha axuda do programa Leonardo, que me cubriu todos os gastos.

- Que foi o máis importante que aprendiches neste curso? Sobre todo a tornear. Alí o traballo era moi distinto ao de aquí, xa que aquí funciona máis a creatividade, mentres que alí todo ten unha finalidade industrial.

- Que foi o que máis che gustou?

O que máis me gustou foi o ritmo de traballo, que era rapidísimo grazas á avanzada maquinaria.

- Que dificultades tiveches tanto no curso como no país?

O idioma, porque o inglés non é o meu forte, e tamén que a

xente é moi distinta. Non está moi disposta a falar cos estranxeiros. Non son racistas, nin moito menos, pero son moi tímidos e introvertidos. No curso o peor foi comunicarme cos profesores, xa que me era moi complicado entendelos.

- Custouche moito adaptarte? Non é que me custase. O que pasaba era que durante todo o mes sentías que non te entendían.

- Que tal te trataron en Suecia?

Moi ben, aínda que os compañeiros non falaban comigo. Non sei, é coma si tivesen medo, porque eu son tímido, pero eles moito máis. Incluso había algúns que querían vir aquí e nin sequera falaban comigo.

- Tiveches máis afinidade con algún compañeiro/a?

Si, pero eran estranxeiros como min. Un brasileiro e dúas chilenas foron cos que fixen máis amizade.

- Que foi o que máis che sorprendeu do modo de vida dos suecos?

Que son moi caseiros, que teñen un ton de voz moi baixiño sempre, son moi amables e tamén solitarios. A escuridade mátaos...

- En canto ao ensino, notaches algunha diferenza co sistema educativo de aquí?

Si, aquí como que están máis vixiados polos profesores e se busca máis a creatividade, como facer unha cadeira que vemos nun catálogo, que ao mellor é rarísima. Alí é máis ben facer a típica banquetiña de toda a vida e facer unhas catro ou cinco, porque todo ten unha finalidade comercial.

- Que profesores estiveron contigo e como foi a convivencia con eles?

Magnus, que era o meu profe-

sor de carpintería e xa estivera aquí, en Melide. Era moi agradable e polo menos entendíamonos algo, porque el tampouco entendía moito inglés.

- Que nos recomendarías se fosemos a Suecia?

As paisaxes, sobre todo. O bosque e os lagos de Suecia son fermosísimos. Estocolmo tamén é moi bonita e ten moitas cousas que ver e, a pesares de ser unha grande cidade, é moi tranquila e non ten ese ritmo trepidante de outras cidades.

- Recomendarías facer este curso a outros compañeiros? Por que?

Recomendaríao, pero que non fosen solos, polo menos terían con quen falar. Alí dende que se fai noite, todo o mundo está na casa e ti, claro, non vas andar vagando por aí so, así que vas a casa a ver unha tele que non entendes. Alí levan un ritmo de vida moi diferente e teñen outro horario moi distinto. Alí deitábame ás oito, cando aquí non ceo ata as dez ou once.

MARÍA CABANAS E ROCÍO BARREIRO,
B2B

